

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 03.03.2017      Hora: 10:30

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de marzo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto único. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1.1 674 (10/PNC-000042)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 1.2 1959 (10/PNC-000212)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co réxime fiscal do colectivo de pensionistas emigrantes retornados  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*
- 1.3 2766 (10/PNC-000280)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para acelerar a devolución das cantidades cobradas indebidamente polas entidades bancarias polas cláusulas chan  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017*
- 1.4 3050 (10/PNC-000298)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento

especial do dominio público local

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017*

- 1.5            3314 (10/PNC-000329)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan e a devolución polas entidades bancarias das cantidades cobradas de xeito indebido ás persoas afectadas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*
- 1.6            4749 (10/PNC-000456)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos pola entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## **Vogais**

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 03.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 674(10/PNC-000042)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2016 09:30  
Nº Rexistro: 674  
Data envío: 03/11/2016 18:50:49.907



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu deputado e portavoz suplente, **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos obxectivos das políticas de vivenda en Galiza debería de ser a mobilización do parque de vivendas baleiras.

Un mecanismo que podería contribuir a acadar ese obxectivo é a fiscalidade sobre as vivendas baleiras.

Por outra banda a importante subida do IBI nos anos da chamada crise supuxo unha carga que non diferenciou entre vivenda habitual e vivendas desocupadas, e non tivo en conta as condicións económicas do suxeito pasivo, resultando por elo inxusta socialmente.

Con estos argumentos hai moitos concellos que teñen nas súas ordenanzas fiscais recargos no IBI para vivendas baleiras, recargo que segundo o art. 72 TRLRFL pode chegar ata o 50% pero non poden aplicarse porque o Estado, quen é o que ten a potestade regulamentaria neste asunto, non aprobou nengunha norma legal que determine cando e como legalmente unha vivenda está baleira. E aínda que a Xunta aprobou por Decreto o censo de vivendas baleiras, mediante o decreto 17/2016, [http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160226/AnuncioG0423-220216-0001\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160226/AnuncioG0423-220216-0001_gl.html), dita norma non é de aplicación aos recargos no IBI.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/11/2016 09:30**  
**Nº Rexistro: 674**  
Data envío: 03/11/2016 18:50:49.907



Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que demande ao Goberno do Estado a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 03/11/2016 18:50:00**



**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 1959(10/PNC-000212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Goberno central en relación co réxime fiscal do colectivo de  
pensionistas emigrantes retornados

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Como xa expuxo este Grupo Parlamentario na proposición non de lei rexistrada o 10 de maio deste ano (iniciativa que non chegou a ser debatida), no ano 2013 dúcias de miles de inmigrantes retornados comezaron a recibir unha comunicación, por parte da Axencia Tributaria, na que se lles informaba da apertura dun expediente relacionado coas pensións que viñan percibindo do estranxeiro, froito da cal se lles reclamaba diversa información e se lles notificaba unha posible sanción derivada de non ter declarado, no seu día, a renda percibida. As notificacións chegaron incluso aos familiares de emigrantes falecidos.

Todos os afectados eran e son persoas maiores, que emigraron ao estranxeiro durante as décadas dos anos 50, 60 e 70. A veces, persoas con escasos coñecementos fiscais, pero moitos deles preocupáronse por aclarar a súa situación ante a administración. Os emigrantes retornados non comprenderon o enorme prexuízo que lles provocaba ter que regularizar os anos non prescritos, posto que nunca houbera pola súa parte vontade de defraudar. Non existiu culpa, nin sequera mera negligencia no cumprimento das súas obrigacións fiscais por canto que, ata entón, a Administración tributaria nunca lles esixiu que tributasen por esas pensións.

Nun primeiro momento, o Ministerio de Facenda fixo caso omiso e ignorouse ao numeroso colectivo afectado, negándose en todo momento a buscar un acordo, anular as sancións e conceder un prazo de tempo razoable aos emigrantes retornados para actualizar as súas declaracións, sen aplicarlles multas nin intereses de demora. Tras un gran esforzo reivindicativo por parte do numeroso colectivo de afectados, a Administración tributaria accedeu a corrixir a súa forma de proceder, anulando as sancións e deixando de aplicar intereses de demora.



## Grupo Parlamentario

A pesar desta rectificación, e da apertura dun prazo de regularización de seis meses, durante a primeira metade de 2015 (Lei 26/2014 de modificación do IRPF), non acabou de resolverse o problema, pois a Axencia Tributaria continúa esixíndolles que tributen con carácter retroactivo, polos exercicios non prescritos cando se iniciaron os procedementos (2008 a 2012).

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Neste contexto, a regularización da situación tributaria das persoas retornadas teríase que facer de oficio e non a instancias delas, posto que podía e pode suceder que moitas non accederan a este trámite polas súas propias dificultades de mobilidade, idade, recursos, etc. Hai colectivos que continúan solicitando unha ampliación do prazo de regularización e denunciando anomalías na propia regularización, como non recoñecer as sentencias xudiciais que dan a razón aos emigrantes retornados que traballaron en Alemaña e perciben pensións de dito país, nas que se conclúe (o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vense pronunciando de forma reiterada desde 2006 neste sentido) que os pensionistas non deben tributar no Estado español posto que xa tributaran polas súas pensións en Alemaña, de modo que podería considerarse un caso de dobre imposición.

Por outra parte, o feito de que gran parte das persoas afectadas non teñan recoñecidas en España a súas incapacidades prexudica gravemente a súa situación comparativa ante a Facenda Pública, polas exencións das que non gozan. Os emigrantes retornados que perciben pensións públicas do estranxeiro non poden aplicarse directamente a exención na súa declaración do IRPF e vense obrigados a presentar con posterioridade unha solicitude de rectificación da súa autoliquidación.

Para resolver estas solicitudes, a Axencia Tributaria require ao INSS un informe pericial sobre a correspondencia do grao de incapacidade laboral causa da prestación económica, para ver si é unha invalidez total con dereito a exención. En caso positivo resólvese a rectificación da declaración coa devolución e pago de intereses de demora. Non obstante, este trámite vén desenvolvéndose de forma especialmente lenta, co conseguinte prexuízo para os emigrantes retornados.

Recentemente, varios colectivos de emigrantes retornados puxeron de manifesto que a Axencia Tributaria vén de remitirilles novamente requirimentos tributarios con aviso de sanción polos exercicios non prescritos.



## Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande novamente do Goberno de España a:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1º) Establecer un tratamento fiscal específico para as pensións públicas no estranxeiro, cuxos beneficiarios son os españois retornados, que permita a aplicación directa por parte da administración das figuras tributarias que correspondan a cada situación e que eviten a necesidade de regularizacións posteriores.

2º) Que se proceda á devolución dos importes cobrados indebidamente aos pensionistas emigrantes retornados de Alemaña en atención ás sentencias xudiciais ditadas a tales efectos. A AEAT debe asumir con carácter xeral as sentenzas dos tribunais superiores de Xustiza que dan como exentas as rendas procedentes dos organismos de pensións alemáns, respectando os convenios bilaterais e procedendo á devolución de oficio das cantidades recadadas por este concepto.

3º). Establecer os medios necesarios para que como calquera contribuínte, o pensionista emigrante retornado reciba o seu borrador da declaración de Facenda con todos os ingresos a declarar.

4º) Establecer un procedemento de homologación das pensións públicas do estranxeiro para posibilitar que se poida aplicar a exención directamente na declaración do IRPF e evitar os recursos que se ven obrigados a formular na actualidade os emigrantes retornados con pensións públicas doutros países.

5º) Que devolva de oficio as sancións e recargas aplicadas inxustamente que non foron reclamadas polos retornados.

6º) Que non apliquen as sancións nin recargas a posteriores requirimentos unha vez finalizado o proceso de regularización, dado que o Ministerio de Facenda



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/12/2016 13:25  
**Nº Rexistro: 1959**  
Data envío: 02/12/2016 13:25:01.138



---

**Grupo Parlamentario**

non puxo a disposición dos emigrantes retornados todos os medios necesarios para levar a cabo o dito proceso de regularización.

---

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2016

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/12/2016 13:22:01**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/12/2016 13:22:16**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/12/2016 13:22:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/12/2016 13:22:37**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 2766(10/PNC-000280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para acelerar a devolución das cantidades cobradas indebidamente polas entidades bancarias polas cláusulas chan

*Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

O Tribunal Supremo ditou o día 9 de maio de 2013 que as cláusulas chan, un límite que incluían os bancos para impedir que o interese das hipotecas baixase dunha determinada porcentaxe, eran abusivas e, por tanto, nulas. Nunha decisión que xa sorprendeu a moita xente, reinterpretou a lei para non danar a solvencia da banca e decidiu que os seus efectos non terían carácter retroactivo.

É dicir, para un hipotecado con esta cláusula, e que tivese asinado o contrato en 2010, o fallo español só lle permitía recuperar o que pagara de máis a partir do día en que o Tribunal Supremo ditou a controvertida sentenza. Pero agora, en decembro do 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten cuestionado a decisión do Supremo español cun fallo histórico. Se unha cláusula é nula, o é para todos os efectos, con plena retroactividade.

De acordo con esta sentenza, e segundo cálculos do Banco de España, a banca española deberá desembolsar agora uns 4.000 millóns de euros, isto significa en torno aos 200 millóns de euros en Galicia. Aproximadamente cada afectado/a galego/a poderá recuperar entre 8.000 e 8.500 euros.

A Asociación Galega de Consumidores e Usuarios calcula que os potenciais persoas beneficiarias en Galicia oscilan entre 50.000 e 70.000 persoas, que poderán interpor agora unha reclamación nas súas entidades ou expor unha demanda xudicial.

Os que chegaron a un acordo extraxudicial tras a sentenza do Supremo non poderán facelo se, coa firma do consentimento, renunciaron a emprender futuras accións legais. Neses casos os bancos piden que a persoa usuaria se



Grupo Parlamentario

de a por resarcido completamente, sen posibilidade de reclamacións posteriores, para algúns expertos, este tipo de acordos tamén poderían ser abusivos.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O que falla o Tribunal Europeo é que o Supremo non pode decidir de maneira arbitraria desde cando aplicar a retroactividade dunha cláusula nula porque vulnera as propias leis españolas, xa que se opón a unha xurisprudencia nacional que limita no tempo os efectos restitutorios vinculados á declaración do carácter abusivo.

Unha vez máis a banca, gañou no xogo, os expertos de Analistas Financeiros Internacionais (AFI) estiman que os bancos cobraron 4.474 millóns de máis aos seus clientes coas cláusulas chan desde antes de 2013 (sobre todo a partir de 2010); e en aplicación de todas as cláusulas, incluídas as posteriores a 2013, os bancos percibiron máis de 9.700 millóns de euros que, segundo os tribunais, non lles correspondían.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Negociar coas entidades bancarias un Código de devolución das cláusulas chan que facilite e acelere a devolución das cantidades cobradas indebidamente.
2. Reclamar ao Goberno de España un rápido proceso de axilización, control e responsabilidade corporativa por parte do sector bancario ante as demandas das persoas usuarias afectadas polas cláusulas chan.

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/12/2016 12:32**  
**Nº Rexistro: 2766**  
Data envío: 30/12/2016 12:32:01.176



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/12/2016 12:24:00**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/12/2016 12:24:07**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/12/2016 12:24:12**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 3050(10/PNC-000298)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

*Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu vicevoceiro **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a medidas tributarias en relación coa utilización do dominio público.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Primeiro.- O pasado mes de decembro o Tribunal Supremo ditou varias sentenzas relativas ás taxas municipais por utilización (aproveitamento especial) do dominio público, varias delas referidas ao concello de Arteixo (sentenzas de 21 de decembro de 2016).

En ditas sentenzas o Supremo confirma e valida as ordenanzas municipais que determinan que para a determinación da taxa (en relación coa utilidade do aproveitamento especial ou uso privativo do dominio público) é axeitado e apropiado tomar como referencia o valor catastral do solo con construción, ao considerar o TS que a efectos catastrais poden reputarse como tales as instalacións industriais, e dentro delas as liñas aéreas eléctricas, as conducións de gas, telecomunicacións e similares.

Consecuencia do cal é o axuste a legalidade de Ordenanzas fiscais que como a do propio concello de Arteixo toman como referencia para a aplicación do tipo de gravame unha base imponible resultado de aplicar o valor do aproveitamento en función do valor unitario (solo+construción) e ao que se aplica o coeficiente RM



e o coeficiente de equivalencia por tipo de terreo; e todo elo diferenciado para cada grupo de conducións, canalizacións e tendidos.

A doutrina xurisprudencial antes definida suporía unha maior capacidade de recadación para os concellos e outras entidades locais, ao amparar que mediante a Ordenanza fiscal correspondente se implante ou modifique a determinación da cota tributaria en función de dita doutrina, para o cal sería desexable que desde este Parlamento se instase da FEGAMP a elaboración, dunha Ordenanza-tipo (co estudo económico-financeiro respectivo) para serlles remitida ás entidades locais; elaboración na que podería participar a propia Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Administración Local.

Segundo.- Aínda que a doutrina contida na mencionada Xurisprudencia refírese á imposición local, é perfectamente extensible á autonómica, en tanto en canto a natureza do feito imponible (a utilización privativa/aproveitamento especial do dominio público) é a mesma.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia determina que como principio de equivalencia para a determinación da cuantía da taxa por ocupación ou aproveitamento especial “*tomarase como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela*”.

No Anexo V, apartado 5. 02 determínase a cota tributaria, resultado de aplicar o tipo de gravame do 50% a unha Base imponible que se obtén da aplicación da seguinte fórmula:

$$B_s = L \cdot \left( B_s + \frac{B_a}{n} \right) \cdot C_d \cdot C_u \cdot C_e$$



Onde :

- L : lonxitude (en m) o servizo que discorre polo DPV
- Bs : base sectorial, en función do tipo de actividade :
  - Distribución electricidade en AT : 2,45 €/m
  - Transporte de electricidade AT : 4,94 €/m
  - Distribución de hidrocarburos : 1,58 €/m (6,97 €/m ata o 2013)
  - Transporte de hidrocarburos : 18,57 €/m
  - Telefonía e telecomunicacións : 2,91 €/m (4,11 €/m ata o 2013)
  - Abastecemento de auga : 1,61 €/m
  - Saneamento : 4,07 €/m
- Ba : base adicional (de executar servizos a través de canalizacións da Xunta)
- n : número de suxeitos pasivos diferentes que empregan a mesma canalización
- Cd : coeficiente de densidade de poboación
- Cu : coeficiente pola situación urbanística do solo (1,00 urbanizada; 0,75, rural)
- Ce : coeficiente pola clasificación da estrada (entre 0,60 e 1,20).

Criterios de determinación da taxa que, con independencia do tipo de gravame e resultado da cota tributaria, son distintos dos catastrais (incluídos o valor das construcións/instalacións) que o TS considera axeitados para a determinación da utilidade do aproveitamento do DPV e que a criterio deste Grupo parlamentar xustifica a necesidade de que por parte da ATRIGA se elabore un ditame no que, á vista da doutrina xurisprudencial, se poida concluír sobre a procedencia de



revisar o procedemento de cálculo da taxa autonómica contida no Anexo V da Lei 6/2003.

Por outra banda, o notable, sistemático e progresivo descenso da previsión orzamentaria de ingresos por dita taxa por aproveitamento especial do DPV no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) é significativa :

2013	2.695.000 €
2014	1.600.000 €
2015	1.452.309 €
2016	700.000 €
2017(p)	568.210 €

Descenso acusado das previsións orzamentarias que aínda tendo en conta a redución da base impoñible para determinadas instalacións acordada no 2013, resulta dificilmente explicable, mais tendo en conta que os DRN (dereito recoñecidos netos) da partida 3040502 (aproveitamento especial DPV- Axencia Galega de Infraestruturas) foi de 1.078.411,82 € no exercicio 2015.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Elaborar un ditame sobre a doutrina xurisprudencial contida nas sentenzas de decembro de 2016 en relación utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e a súa aplicación á determinación e cálculo da “Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia” contida na Lei 6/2003, do 9 de decembro.

- 2) Instar da FEGAMP á elaboración, en coordinación e apoio da administración autonómica, e á vista da doutrina do Tribunal Supremo, dunha Ordenanza-tipo (co estudo económico-financeiro correspondente) referida á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga, hidrocarburos e outras.
- 3) Aplicar posteriormente a doutrina no cálculo das tarifas da taxa autonómica.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 09/01/2017 11:51:10**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 3314(10/PNC-000329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan e a devolución polas entidades bancarias das cantidades cobradas de xeito indebido ás persoas afectadas

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/01/2017 13:57  
Nº Rexistro: 3314  
Data envío: 13/01/2017 13:57:51.628

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

Nos últimos anos coñecemos un número crecente de sentenzas relacionadas coa colocación de produtos financeiros enganosos ou a aplicación de procedementos abusivos por parte das entidades financeiras. De feito, no noso país está aínda recente a conmoción social que supuxo a estafa das preferentes. Máis recentemente, o 21 de decembro de 2016 o Tribunal de Xustiza da Unión Europea nunha nova sentenza ratificaba o abuso que supuxeron as coñecidas como cláusulas chan nos créditos hipotecarios e modificaba o criterio establecido polo Tribunal Supremo a respecto dos efectos retroactivos da incorporación destas. Deste xeito, pronunciábase a favor da retroactividade dos efectos das cláusulas, que xa foran declaradas nulas nun anterior pronunciamento por mor da súa falla de transparencia. Así mesmo, o Tribunal de Contas do Estado español recolle no seu informe feito público nas primeiras semanas xaneiro de 2017 o que levabamos tempo denunciando: o rescate estatal das caixas de aforro fíxose sen criterio e sen o control necesario para asegurar a utilización eficiente dos recursos públicos.

A sucesión destes feitos acompáñase, como é lóxico, dunha fonda inseguridade e preocupación por parte dos e das clientes das entidades bancarias e máis concretamente por parte de todas aquelas que teñen algún tipo de hipoteca acordada con elas. Estímase que en Galiza habería arredor de 200.000 persoas afectadas. Porén, a gravidade e



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:57**  
**Nº Rexistro: 3314**  
Data envío: 13/01/2017 13:57:51.628

importancia destes feitos non está a ter unha resposta esixente por parte das administracións, senón todo o contrario. Por iso, desde o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación como o goberno central rende pleitesía aos intereses da banca en lugar de fiscalizar a súa labor e como a Xunta de Galiza non dedica esforzos suficientes para espremer ao máximo as súas competencias en consumo.

A final de ano, o goberno do Estado prometía un decreto lei para sacar á luz Código de Boas Prácticas a respecto das cláusulas chan. Este novo anuncio ficou en papel mollado. Posteriormente, na primeira semana de xaneiro anunciouse a inminencia dun Real Decreto que buscaba unha vía extraxudicial. Na segunda semana de xaneiro anunciouse que a demora remataría cun Real Decreto con saída nun Consello de Ministros que se celebraría o 13 de xaneiro. Finalmente, isto ficou en papel mollado e ese día non coñecemos a proposta do goberno estatal para solucionar un problema que afecta a millóns de persoas no Estado e a miles de persoas no noso país, sen recibir tampouco crítica ou presión por parte do goberno galego.

Máis aínda, as diversas cuestións que se foron filtrando nos medios de comunicación indicaban que o decreto continuaría a ser a todas luces insuficiente para os e as consumidoras e vantaxoso para as entidades bancarias que cometeron o abuso no canto de instar ao cumprimento da lei e á axilización dos trámites. Todo parece indicar como o Estado propicia, co silencio da Xunta, unha saída cómoda para a banca, non blinda os dereitos do consumidor e ningunha administración parece disposta a opinar ou investigar o feito de que as entidades bancarias se estiveran beneficiando todos estes anos dunhas contías cobradas indebidamente.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:57**  
**Nº Rexistro: 3314**  
Data envío: 13/01/2017 13:57:51.628

Ante as necesidades dos bancos desde os sucesivos gobernos sempre houbo prioridade para dar solucións rápidas e inxeccións urxentes e inxentes de diñeiro público. Porén, cando a necesidade e a urxencia vén por parte das persoas usuarias, incluso coa constancia de que sufriron abusos, ocultacións e enganos nas negociacións, as présas parecen ser outras, e interesa máis demorar as solucións.

Por todo isto fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza:

- a facer as xestións necesarias para garantir que as entidades bancarias contacten e informen de forma inmediata ás persoas usuarias afectadas e leven a termo a devolución de oficio nos casos afectados por cláusulas chan á maior brevidade posíbel.

- a exixir ás entidades bancarias ter departamentos ou seccións específicas para informar e atender ás persoas usuarias afectadas.

- a desenvolver ao máximo as súas competencias de consumo favorecendo a través do Instituto Galego de Consumo mecanismos de arbitraje, unha regulación sobre a información pública mínima que deben garantir as entidades e o reforzo da información emitida desde a propia administración.

- a crear unha comisión ao abeiro do Instituto Galego de Consumo á que os bancos deberán remitir obrigatoriamente os acordos para que esta observe e verifique que non se cometen novos abusos e que as devolucións son transparentes, axustadas ao indebidamente pagado de máis polas persoas consumidoras con base nas cláusulas abusivas, baixo a modalidade elixida de forma preferente pola persoa consumidora e



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:57**  
**Nº Rexistro: 3314**  
Data envío: 13/01/2017 13:57:51.628

non se efectúan a través de produtos financeiros, contratos ou negocios bancarios complexos e opacos.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2017 13:55:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2017 13:56:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2017 13:56:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2017 13:56:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2017 13:56:31**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:57**  
**Nº Rexistro: 3314**

Data envío: 13/01/2017 13:57:51.628

**Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2017 13:56:35**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.03.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 4749(10/PNC-000456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos pola entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización

*Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/02/2017 13:31  
Nº Rexistro: 4749  
Data envío: 08/02/2017 13:31:58.653

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa a desenvolver as competencias de consumo da Xunta de Galiza fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Nos últimos anos as galegas e galegos puideron coñecer un número importante de casos de abusos bancarios de diferente índole que tiveron a súa translación a un número en aumento de sentenzas arredor deles. Polo importante número de persoas afectadas, polas contías implicadas e a extensión territorial que tivo, alén da exemplar loita social que supuxeron, o noso país aínda recorda o grande calote das preferentes e obrigas subordinadas. Máis recente é a sentenza europea sobre as cláusulas chan do pasado mes de decembro de 2016.

Como é lóxico, a secuencia de todos estes acontecementos xeraron unha inseguridade e preocupación por parte das persoas usuarias de cara ás accións levadas a cabo polas entidades bancarias. Unha preocupación e unhas esixencias que as administracións públicas non sempre souberon acompañar nun contexto no que os feitos evidencian como a colocación de produtos financeiros por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2017 13:31**  
**Nº Rexistro: 4749**  
Data envío: 08/02/2017 13:31:58.653

Un denominador común das diferentes sentenzas e avaliacións de persoas expertas e de entidades independentes é que, para alén de cuestións relacionadas coa legalidade, a gravidade e importancia do asunto radica na mala praxe durante a colocación destes produtos, ora por falta de información e transparencia, ora por existencia de cláusulas dolosas que acompañan unha información insuficiente e opaca que, segundo os casos, mesmo se dá nun contexto no que as persoas afectadas están nunha situación de vulnerabilidade e existe un abuso engadido ao ofertar estes produtos a un público que carece de coñecementos financeiros e asume riscos sen ter consciencia sobre eles e sen que se lle garanta unha información suficiente.

Para alén disto, existe tamén un volume importante de casuísticas nas que a potencial clientela ten unha necesidade urxente de recibir ese produto, caso dos créditos, e polo tanto rebaixa o seu grao de fiscalización da operación porque precisa acollerse a unhas esixencias bancarias si ou si, sen ter outra saída ou sen ter información sobre outras potenciais vías para a súa situación.

Neste contexto, froito das demandas da clientela, de diferentes colectivos, administracións, etc, toda esta inqueda social foi pulando cambios normativos. Neste sentido, a normativa europea centra na actualidade a súa atención naquilo que atinxe á “idoneidade do produto para cada cliente” (debendo realizar un test de idoneidade no banco) así como á formación dos cadros de persoal do sector financeiro para que cada traballador ou traballadora actúe como persoa “asesora”.

Porén, resulta aínda evidente a carencia de ferramentas administrativas para o control sobre os produtos emitidos sobre a súa comercialización, a inexistencia dunha entidade para o control independente e factores preocupantes que non son tidos en conta como o claro conflito de interese no intento de contratar o produto.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2017 13:31**  
**Nº Rexistro: 4749**  
Data envío: 08/02/2017 13:31:58.653

Galiza ten competencias en materia de consumo que deben desenvolverse de forma ambiciosa nas ópticas de prevención e de control para reverter en última instancia no ben dos galegos e galegas e na seguranza económica do país malia o limitado do marco.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na comisión 3ª.

O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

- Dotar de maiores medios ao IGC (Instituto Galego de Consumo) para que poida poñer en marcha mecanismos de control sobre os produtos financeiros que se colocan á clientela por parte das entidades financeiras, así como sobre os procesos de comercialización destes.
- Participar da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) co obxecto de ser axente activo fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/02/2017 13:31**  
**Nº Rexistro: 4749**  
Data envío: 08/02/2017 13:31:58.653

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 13:29:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 13:29:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 13:29:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 13:29:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 13:29:28**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 13:29:30**